

Faro *da* Cultura

O común dos mortais –incluso se acadaron un nivel de estudos medio– apenas son conscientes da influencia da filosofía na nosa vida cotiá. Poderíamos resumilo se dicimos que con Platón non se chega a final de mes. Pero chegados a certos niveis, non queda ben recoñecer que apenas limos algunha vez un libro de filosofía (lembramos, na recente campaña electoral, cando Pablo Iglesias e Albert Rivera tiveron cadanseu descoido cando o primeiro falou de “Ética da razón pura” (sic) de Kant, mentres que o segundo aconsellaba o filósofo alemán como referente, pero recoñecía que non lera ningunha das súas obras).

Por sorte, somos contemporáneos de Umberto Eco, o erudito italiano recentemente desaparecido.

Desde a curiosidade absoluta por case todo, desde a solidez dun profundo coñecemento e sen pedantería, aportou ferramentas para que os lectores do seu tempo chegasen a coñecer algúns dos fenómenos que lles tocaron vivir.

Umberto Eco empregou a súa tese de doutoramento, *O problema estético de Tomé de Aquino*, como alicerce do seu pensamento futuro: a erudición medieval e o valor da beleza (e, en consecuencia, do seu contrario: a fealdade). Liñas de análise que ben axiña colleron corpo en *Arte e beleza na estética medieval* e que conduciu a Eco a escribir *Historia da beleza* e mais o seu contrapunto *Historia da fealdade* xa na década do 2000.

E foi esa consideración do valor utilitario, e asemade interpretativo, da beleza: é dicir, a súa capacidade simbólica e sinalística, a que o levou a formular, xa en 1975, o *Tratado de semiótica xeral* (segundo o esquema de Saussure). En paralelo e de maneira plenamente coherente, Eco traballara de guionista da RAI en colaboración co filósofo Gianni Vattimo. Sen dúbida, tempos aqueles nos cales –malia todo– a televisión aínda era un artefacto serio (daquela en España e malia o franquismo, había películas clásicas en VOS).

Moi vinculado á linguaxe dos medios de

comunicación de masas, Eco soubo interpretar os novos fenómenos sociais e foi daquela cando se reinventou en novelista con *O nome da rosa* (1980), definitivamente ma-

siva coa película de Jean-Jacques Annaud (1986), con Sean Connery no papel de Guillermo de Baskerville. A novela ía rechea de citas en latín, o que non foi obstáculo para

converterse nun best seller. Eco empregou unha estrutura detectivesca, claramente inspirada en clave paródica nas historias de Sherlock Holmes e sen agochar chiscos a

Borges e ao irlandés Maturín (e ao seu imprescindible “Melmoth o errabundo”). Unha novela que, máis que condensar saber, abría ao lector as portas da curiosidade (desde a rivalidade entre dominicos e franciscanos ou o asunto do libro perdido de Aristóteles, a “Comedia”, cuxa posesión xustificaría o exercicio do humor como antídoto contra a autoridade e o medo a Deus, o que nos levaría ao mundo do carnaval tan ben estudado por Bakhtin).

Eco foi consciente da importancia dos actuais medios de comunicación de masas como paridores dunha nova

mitoloxía e que os novos parámetros interpretativos modifican a percepción tradicional e esixente das obras de arte; é dicir, a interpretación elitista quedaba bombardeada. Por iso, o pensador italiano prestou atención ao cómic, á cultura pop e ás novelas policiais, chegando a afirmar que Snoopy, “contrapunto continuo á angustia dos humanos, leva á derradeira fronteira as neuroses da adaptación fracasada”.

E se hai apenas un ano era capaz de desenmascarar a manipulación da prensa en *Número Cero*

(que comentamos nestas páxinas), de maneira póstuma nos deixa un conxunto de artigos (publicados en *L'Espresso*) que reflexionan sobre as nosas sociedades neste tempo: liquidade, ausencia de ideoloxía e de valores, perda de memoria, inmediatez e, en consecuencia, procura de novas identidades. Unha situación cuxo inicio en Italia situaba, respondendo á pregunta vargasllosiana de cando se fodeu o asunto, na chegada de Berlusconi ao goberno en 1994.

**Prestou atención
ao cómic, á
cultura pop e
ao xénero noir**



Umberto Eco (1932-2016).

O derradeiro erudito

No adeus a Umberto Eco

JOAQUIM VENTURA



Fotograma de “O nome da rosa” (1986).

ARTE: DA PINTURA
DE CARLOS MAÑO / PÁX. III

ENTREVISTA CO ESCRITOR
RAMÓN CARIDE / PÁX. V

TEATRO: ESCENA
A PANADERÍA / PÁX. VIII